

UGT CELEBRA O I COMITÉ CONFEDERAL BAIXO O LEMA “TRABALLAR MENOS PARA VIVIR MELLOR”



Redacción.- UGT celebrou o seu I Comité Confederal, tras o 44º Congreso, os días 10 e 11 de xuño na sede da organización situada en Madrid baixo o lema “Traballar menos para vivir mellor”.

Na súa intervención, Álvarez fixo fincapé en que este Comité Confederal está moi marcado polo panorama internacional e a conxuntura global. Así, sinalou que “vivimos unha ameaza permanente aos dereitos humanos, ao dereito internacional e unha acción política estrambótica que socava os dereitos fundamentais que conseguimos nos últimos tempos”, dixo en relación coa guerra en Ucraína e en Palestina.

Ademais, Álvarez criticou a aqueles que ameazan os dereitos das mulleres, das persoas LGTBI, dos migrantes e das persoas con discapacidade. Neste sentido, cargou contra a “represión e imposibilidade de que poida haber manifestacións públicas” en Arxentina e Estados Unidos, unha circunstancia que “marca o camiño que a extrema dereita quere impulsar no mundo, tentando acabar coas organizacións sindicais”.

Nesta liña, Álvarez sinalou que “hai que construír máis Europa” desde o punto de vista da “blindaxe dos servizos públicos, dos dereitos sociais, as pensións e prestacións de carácter social, da industria, da enerxía do medio ambiente”.

Álvarez puxo en valor as políticas impulsadas polas organizacións sindicais como a última reforma laboral, as continuadas subidas do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) e a subida das pensións conforme ao IPC. “Son pezas fundamentais”, remarcou.

Entre os asuntos para abordar, Álvarez falou de vivenda, que “é un lastre para as persoas e para a propia economía”; de desemprego estrutural e xuvenil, que é “un problema grave que hai que abordar” e de salarios que “deben subir para que se reparta mellor a riqueza que se está xerando no noso país”. Tamén se referiu ás migracións, o medio ambiente e o custo do despedimento como outras das cuestións pendentes.

En referencia á organización, Álvarez

puxo en valor a renovación do sindicato no último ciclo de congresos no que se “multiplicou por tres o número de secretarías xerais: cinco en organizacións territoriais e tamén na Federación de Servizos Públicos”.

Ademais, Álvarez resaltou a necesidade de executar a resolución do Comité Europeo de Dereitos Sociais sobre o despedimento inxusto: “É o momento de esixir ao Goberno de España que cumpra, porque o despedimento non se acomoda á Carta Social Europea”. Do mesmo xeito, Álvarez reclamou que a Lei de Prevención de Riscos Laborais “debe actualizarse de maneira inmediata” para adecuarse aos novos tempos.

Reducir a xornada laboral ata as 37,5 horas sen diminución salarial é outra das cuestións que abordou Álvarez: “Nós non nos imos a resignar. Ofrecemos a man aberta á Patronal por se queren negociar, porque esta é unha cuestión irrenunciable para nós”, resolveu. Por último, reivindicou a importancia do control horario para acabar coas horas extra sen remunerar en España.

MOBILÍZATE ESTE SÁBADO "POLO FIN DO XENOCIDIO EN GAZA. POR UNHA PAZ XUSTA. POR UN ALTO AO FOGO DEFINITIVO. NIN TERRORISMO, NIN XENOCIDIO"

Redacción.- UGT-Galicia chama á mobilización este sábado, 14 de xuño, para encher as prazas en todo o país, nunha Xornada Estatal polo Fin do Xenocidio en Gaza.

É o momento de transformar a indignación ante o xenocidio que están a cometer en Palestina, nunha acción tan enérxica como pacífica, tan contundente como unitaria e solidaria.

O que está a ocorrer en Gaza é un xenocidio que ten como obxectivo final o exterminio e a limpeza étnica de máis dous millóns de gazatíes, a metade dos cales son menores. Este é o criminal proxecto que Netanyahu, co apoio incondicional de Trump.

Tras a ruptura do precario cesamento do fogo o 18 de marzo, a violencia escalou. Estamos ante un dos momentos máis crueis e mortíferos da matanza que o goberno israelí leva vinte meses perpetrando contra unha poboación civil inocente, desarmada e indefensa.

Todos os días as tropas de Israel perpetrar unha infinidade de crimes de guerra. Todos os días bombardean hospitais, escolas, refuxios ou tendas de campaña. Todos os días destrúen vivendas, campos de cultivo, infraestruturas de auga potable e saneamento, sen máis propósito que o exterminio e que Gaza sexa inhabitable. Todos os días criban a homes, mulleres e nenos que só claman por axuda.

Á extrema violencia das bombas súmase o rigor dun asedio que condena á fame negra total a dous millóns de gazatíes. A ONU asegurou que 14.000 bebés poderían morrer en Gaza se a axuda humanitaria non chega a tempo.

PararLaGuerra.es, organización convocante, chama a toda a cidadanía, sen distinción de ideoloxías ou credos, a apoiar a Xor-



A CORUÑA	Praza do Obelisco
SANTIAGO	Praza do Toural
PONTEVEDRA	Praza da Ferrería
VIGO	Marco
OURENSE	Subdelegación do Goberno
FERROL	Praza de Armas
MELIDE	Praza Rosalía de Castro
IRIXOA	Concello
LUGO	Subdelegación do Goberno
XINZO	Praza Carlos Casares
TUI	Praza da Inmaculada
REDONDELA	Concello
O BARCO DE VALDEORRAS	Praza do Concello
VILAGARCÍA	Praza de Galicia

nada Estatal polo Fin do Xenocidio do próximo 14 de xuño, e a acudir ás concentracións que de maneira simultánea, e ás 12 da mañá, realizaranse por toda España.

Ese día, unirémonos nun obxectivo, o Fin do Xenocidio, e renderemos unha particular homenaxe a quen foi e son os nosos ollos en Palestina, aos e as xornalistas, que foron asasinados, feridos ou detidos, e quen segue alí xogándose a vida.

OS TRABALLADORES DE TELEPERFORMANCE MOBILÍZANSE NA CORUÑA PARA DENUNCIAR UN ERE QUE PRETENDE DESPEDIR A 27 PERSOAS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Teleperformance mobilizáronse esta semana na Coruña para denunciar o ERE que pretende aplicar a empresa, que afectaría a 27 persoas no centro de Agrela, todas elas traballando para Vodafone.

De feito, a concentración tivo lugar na Praza de Pontevedra, fronte á sede de Vodafone.

Dende FeSMC denuncian que a empresa leva anos perdendo plantel, destruindo deliberadamente postos de traballo, aínda prestando servizos para empresas con beneficios millonarios.

Xa no ano 2023, 41 persoas do centro de Agrela víronse afectadas por outro ERE imposto por Teleperformance.



A UXP DE UGT-GALICIA CELEBROU O SEU XII ENCONTRO EN PONTEDEUME BAIXO O LEMA “QUEDA MOITO POR FACER”

Dependencia, pensións, dixitalización, unha Lei integral das persoas maiores ou o Consello galego das persoas maiores, asignaturas pendentes

Redacción.- A UXP de UGT-Galicia celebrou o pasado sábado en Ponte-deume o seu XII Encontro, nesta edición baixo o lema “Queda moito por facer”.

Máis de 450 xubilados e pensio-nistas de toda Galicia acudiron a este encontro no que se celebrou un xantar e unha visita a varios dos en-claves naturais e culturais da vila. Antes disto, tivo lugar un acto sindi-cal no que interviñeron o secretario xeral da UXP-Galicia, Valentín Tato; o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros; a secretaria exe-cutiva de UGT Cristina Estévez; unha representación da UXP estatal; e o alcalde de Pontedeume, Bernardino Fernández.

Coincidiron en que “Queda moito por facer”. En materia de servizos socio-sa-nitarios a pandemia puxo de manifesto un sistema deficiente no modelo de resi-dencias de maiores, mentres as resi-dencias públicas mantiveron un nivel axeitado, as privadas, non foron capa-ces de responder como deberían. Isto obriga a seguir loitando por uns servizos socio-sanitarios públicos de calidade. Por exemplo, Galicia só conta co 22% de residencias públicas.

En materia de dependencia as ei-vas son moi significativas, prazos de tramitación moi longos e confusos, polo que urxe aumentar o investimento nesta materia, mellorar a coordinación e re-ducir tempos de agarda.

As pensións, aínda que si houbo avances no sistema, como rematar co lí-mite de incremento imposto polo PP, hai



que seguir recla-mando un reforza-mento do Pacto de Toledo, implementar medidas para aumen-tar os ingresos do sis-tema e auditar as con-tas da Seguridade Social.

Á UXP tamén lle preocupan as dificul-tades das persoas máis maiores para ac-ceder á dixitalización, sobre todo, en entida-des bancarias ou nos trámites coa ad-ministración. E, aínda que as protestas de UGT neste senso conseguiron mini-mizar o impacto, hai que seguir vixiantes ante esta brecha dixital.

A UXP de UGT tamén insiste na ne-cesidade de implementar unha Lei inte-gral das persoas maiores para Galicia destinada a protexer os dereitos deste colectivo, protección contra a discrimi-nación por idade, dereito á autonomía e toma de decisións, acceso a servizos



de saúde e coidados a longo prazo, protección contra os abusos e malos tratos, participación social e política e accesi-bilidade a espazos públicos e vivenda.

Neste acto tamén se lembrou que no 2000 creouse o Consello galego das per-soas maiores e no 2015 Feijoo decide eli-minalo e UGT reclama que se cree este órgano de novo, ampliando a partici-pación en todos os ámbitos, político, so-cial, económico e cultural e que se ga-ranta a súa efectividade.

Dúas novas xornadas de folga e gran manifestación no comercio de alimentación en Ourense

Redacción.- Os pasados venres e sábado sucedéronse dúas xornadas de paros no sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense cun amplo segui-mento e unha gran manifestación polas rúas da cidade das Burgas. Os paros do venres e do sábado chegaron tras dúas xornadas de negociación coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, nas que a pa-tronal presentou unha oferta insuficiente. Os sindicatos propuxeron dúas alternativas: un convenio de catro anos con promoción automática do grupo IV ao III aos seis me-ses; ou un convenio de tres anos con promoción auto-



mática do grupo IV ao III aos 12 meses.

As táboas salariais do grupo IV serían de 17.750 euros para 2025, 18.637,50 para 2026, 19.196,63 para 2027 e 19.772,52 para 2028. E do grupo III, 18.100 para 2025, 19.500 para 2026, 20.200 para 2027 e 21.000 para 2028.

A patronal rexeitou todo. Polo que se celebraron as asem-

bleas para informar o persoal, que optou por facer efectiva a folga.

Dende FeSMC-UGT insístese en que os traballadores e traballadoras do sector o único que reclaman son unhas condicións laborais e sociais dignas e que non se pode seguir xogando coa precariedade mentres as empresas do sector acumulan ano tras ano importantes beneficios.

UGT ANTE OS NOVOS RETOS DE NAVANTIA FERROL

Redacción.- Tras o rexeitamento maioritario do preacordo do convenio colectivo por parte do persoal, desde UGT-NAVANTIA Ferrol queremos trasladar unha mensaxe clara: é o momento de redobrar esforzos e responsabilidade por parte da SEPI, NAVANTIA e o Ministerio de Facenda para reconducir a negociación e acadar un acordo que dea resposta ás lexítimas aspiracións das traballadoras e traballadores.

O “non” ao preacordo anterior non debe interpretarse como un peche, senón como unha oportunidade para mellorar. O persoal falou e a súa mensaxe é inequívoca: as condicións actuais non satisfán as expectativas nin garanten un futuro digno para quenes sosteñen co seu traballo diario os estaleiros e a industria naval pública.

Desde UGT-NAVANTIA Ferrol reiteramos a nosa vontade de diálogo e negociación pero tamén a nosa firmeza na defensa dos dereitos laborais, da estabilidade no emprego e da mellora das condicións de traballo. Os novos retos de NAVANTIA esixen un convenio á altura, que non só mire ao presente, senón que proxecte un futuro sostible e xusto para todas e todos.

A sección sindical de UGT en Navantia Ferrol valoramos de forma positiva os recentes anuncios relacionados co incremento do orzamento de defensa pero tamén consideramos que é insuficiente para reforzar o investimento público no sector naval e o impulso á I+D+i como elementos clave para garantir o futuro dos nosos estaleiros e o emprego de calidade na comarca.

O aumento da carga de traballo prevista para os vindeiros anos, xunto cos programas estratéxicos en marcha, representa unha oportunidade histórica para consolidar a actividade industrial, modernizar as infraestruturas construíndo un dique cuberto como medida estratéxica



para asegurar a competitividade e posicionarnos á vangarda da construción naval militar en Europa e no mundo, avanzando cara un modelo produtivo máis innovador e sostible.

É precisamente nesta situación favorable onde resulta incomprendible a cicatería da empresa ante as reivindicacións sindicais, tendo en conta que nos últimos anos os custos salariais (masa salarial) víronse reducidos significativamente, mellorando polo tanto a produtividade.

Neste contexto, UGT-NAVANTIA Ferrol subliña a importancia de que estes investimentos se traduzan en:

- Estabilidade laboral, rexuvenecemento do cadro de persoal e recuperación do poder adquisitivo.

- Formación continua e cualificación profesional adaptada aos novos retos tecnolóxicos para o persoal fixo, así como para as traballadoras e traballadores das industrias auxiliares, piares na construción naval, co fin de afrontar os desafíos tecnolóxicos, produtivos e de innovación que marcarán o futuro do

sector naval.

- Participación activa das traballadoras e traballadores nos procesos de transformación dixital e innovación.

Así mesmo, instamos á SEPI, ao Ministerio de Defensa e á dirección de Navantia a garantir que os recursos se xestionen con transparencia, visión estratéxica e compromiso co emprego local.

UGT-NAVANTIA Ferrol subliña a necesidade de que todos os axentes sociais, institucionais e económicos de Ferrolterra —organizacións sindicais, asociacións empresariais, administracións locais e sociedade civil— se involucren activamente na defensa e promoción do sector naval como motor de desenvolvemento e cohesión territorial.

A sección Sindical reafirmamos a nosa disposición a colaborar en todos aqueles espazos de diálogo que contribúan a fortalecer o tecido industrial da ría de Ferrol e a situar o noso estaleiro como referente en tecnoloxía, sustentabilidade e emprego digno.

A LEI DE MOBILIDADE SOSTIBLE EN PERIGO POLA FALTA DE AMBICIÓN CLIMÁTICA DO GOBERNO

13 organizacións advirten que a negativa do Goberno para incluír obxectivos de descarbonización pode condicionar a aprobación desta Lei

Redacción. - A falta de vontade política do Goberno de incluír obxectivos claros e ambiciosos de descarbonización e sustentabilidade do sector transporte-mobilidade no articulado da Lei de Mobilidade Sostible está a poñer en risco que este proxecto de lei se aprobe.

“Nas conversacións que tivemos con diversos partidos, incluídos EH-Bildu, ERC, SUMAR e Podemos, constatamos que ninguén entende por que desde o Grupo Parlamentario Socialista móstrase unha total oposición a incluír de forma clara e explícita unha maior ambición climática e obxectivos concretos para avanzar na descarbonización e a sustentabilidade da mobilidade e o transporte”, manifestan estas organizacións.

“Tamén botamos de menos unha postura verdadeiramente construtiva por parte do Partido Popular para que España avance de forma efectiva cara á necesaria descarbonización do sector transporte-mobilidade en cumprimento cos nosos compromisos internacionais no marco do Acordo de París”, engaden estas organizacións.

O sector do transporte é, de forma indiscutible, o principal responsable das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) en España. En efecto, en 2023 este sector contribuíu co 32,5 % do total das emisións de GEI, segundo os datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. En particular, o transporte por estrada foi, por si só, o responsable do 30,1 % do total das devanditas emisións.

A pesar da gravidade deste feito, os representantes do Grupo Parlamentario Socialista non deron ningunha explicación convincente de por que o Goberno opónse a aceptar as emendas rexistradas que piden incluír no Artigo 1. OBXECTO E FINALIDADE DA LEI, o obxectivo de “conseguir a neutralidade climática do sector transporte-mobilidade antes de 2050 e en todo caso, no máis curto prazo posible” e a introducir no seu redactado esta frase: “incluíranse no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) obxectivos concretos e cuantificables de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro do sector transporte para 2030 e 2040 respecto aos niveis de 1990, cuxa actualización só poderase contemplar á alza nas sucesivas revisións do PNIEC”.

Ese mecanismo de revisión á alza é o mesmo que se introduciu na Lei 7/2021 de Cambio Climático e Transición Enerxética para modificar os obxectivos desta lei. Doutra banda, hai que lembrar que nesta lei non se quixeron incluír obxectivos de descarboniza-

ción do sector transporte, pois naquel entón aduciuse que diso encargárase a futura “Lei de Mobilidade Sostible e Financiamento do Transporte Público”.

Entre outros exemplos de falta de ambición e compromiso, estas organizacións atoparon igualmente unha resistencia absoluta, totalmente inxustificada, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a aceptar as emendas que piden facer obrigatorios os plans de mobilidade sostible ao traballo naqueles centros que superen as 100 persoas empregadas ou 50 por quenda. A proposta actual, tal como está redactada no artigo 27, establece esa obrigación só aos centros con máis de 500 persoas traballadoras ou 250 por quenda. Esa barreira deixa fóra á maioría dos centros de traballo en España.

En efecto, a proposta do Goberno non encaixa coa realidade do tecido empresarial español. Segundo datos da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa (DGIPYME), no seu informe Cifras PEME de febreiro de 2024, en España hai máis de 2,9 millóns de pequenas e medianas empresas. As grandes, con máis de 250 empregados, apenas chegan a 5.684. Falamos dun 99,8 % fronte a un 0,2 % respectivamente. Unha diferenza abafadora. Iso significa que millóns de traballadoras e traballadores quedarían fóra da protección que debería ofrecer a lei.

Segundo os datos dispoñibles, ao redor do 30% dos desprazamentos en día laborable en España son por motivo de desprazamento ao traballo, a maioría dos cales (preto dun 60 %) faise por medio do vehículo privado motorizado.

Aínda que hoxe en día os plans de mobilidade sostible ao traballo son opcionais, excepto nalgúns poucas comunidades autónomas, os datos existentes evidencian que alá onde se aplican con compromiso e continuidade os resultados chegan: prodúcense menos accidentes e menos atascos, contribúese á mellora da calidade do aire e á redución das emisións de GEI.

“Debido ás importantes repercusións que a actividade do transporte e a mobilidade ten na vida dos cidadáns, na saúde pública e no medio ambiente, España necesita urxentemente unha Lei de Mobilidade Sostible valente e eficaz, con ambiciosos obxectivos de descarbonización e de avance ambiental. Preocúpanos que o Goberno prefira sacar adiante unha lei frouxa e sen obxectivos concretos, e pérdase para sempre a oportunidade de ter unha lei verdadeiramente útil e eficaz”, concluíron estas organizacións.

Estas organizacións lograron rexistrar, grazas á apertura de miras de numerosos grupos parlamentarios, 64 emendas de mellora do proxecto de lei de Mobilidade Sostible, que tratan de introducir obxectivos concretos, ademais dos xa apuntados, para avanzar no despregamento da electromobilidade no medio rural, impulsar o uso da bicicleta e outros modos de mobilidade activa en medios urbanos, recoñecer os dereitos da infancia a unha mobilidade activa e autónoma, incrementar a porcentaxe de mercadorías transportadas por ferrocarril, posibilitar a apertura de servizos de trens nocturnos transfronteirizos, evitar a posibilidade de apoiar con fondos públicos os combustibles fósiles como o gas natural licuado no transporte marítimo, incrementar a porcentaxe de combustibles renovables cero emisións para a aviación e o transporte marítimo etc.

Entre elas, ademais das dúas xa apuntadas, destácanse as seguintes:

- Eliminación de voos curtos con alternativa ferroviaria de ata 4 horas.
- Establecemento dunha cota mínima obrigatoria para 2030 do 6 % de uso de electro combustibles cero emisións de orixe renovable para todos os barcos que entren en portos españois.
- Creación do Fondo de Carbono para a descarbonización do transporte e a resiliencia de infraestruturas de transporte.
- Inclusión, dentro dos plans de mobilidade sostible para grandes centros de actividade, dun obxectivo obrigatorio de incorporación progresiva de vehículos cero emisións ás frota de empresa, con máis de 50 vehículos, segundo un calendario establecido.
- Inclusión no Instrumento de Planificación Estratéxica Estatal en Mobilidade (IPEEM) de criterios que prioricen os medios de transporte con menor pegada de carbono, como o tren e limiten o financiamento de novos proxectos de vías de alta capacidade e aeroportos.
- Etiquetas DGT. Modificación da ineficaz e enganosa actual clasificación ambiental dos vehículos para que en diante inclúa, ademais das emisións de contaminantes atmosféricos, as emisións de CO₂.
- Creación de instrumentos de mellora da calidade do gasto no financiamento das Obrigações de Servizo Público ferroviarias, para evitar a eliminación arbitraria de servizos públicos ferroviarios.